



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

A C T A Nº 2018/4

SESION ORDINARIA DO PLENO

-VENRES 31 DE AGOSTO DE 2018-

No día de hoxe, ás 20:10 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria do Pleno.

PRESIDE:

José Luis García López

ASISTEN:

(De Alternativa por Arzúa)

María del Carme Torreiro González

Alfonso Carril Guerra

Aurora Varela Duro

Miguel Angel Vallo Camba

Andrés David Pérez Ferreira

María del Pilar Castro Vallo

(De Partido Popular)

Jesús García Rodríguez

Alfonso Lodeiro Regueiro

Evangelina María Orois Conde

Vanessa Quintela Pedreira

(De PSdeG-PSOE)

Begoña Balado Conde

(De CxG-CCTT)

José Ignacio García Couso

SECRETARIO:

Juan Félix Colmenares López-Soldado

INTERVENTORA:
Olga Castro Fernández

Antes de proceder a tratar sobre o punto 1º) da Orde do día, o Sr. alcalde propuxo incluír outro punto na Orde do día desta sesión, como sería o de dar conta das resolucións adoptadas pola Alcaldía contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal no ano 2017, así como das principais anomalías en materia de ingresos; manifestando que, o motivo de incluír ese punto nesta sesión, se debe a que se publicou un Real Decreto no que se dipón que na mesma sesión na que se aprobe a Conta Xeral debe darse conta das referidas resolucións; e que se non se fixo así, cando se elaborou a Orde do día desta sesión, foi debido a un erro seu, porque o ano pasado ambos puntos podían ir en sesións diferentes.

Xustificando tamén esa proposta en que se o artigo 82 nº 3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, prevé a posibilidade de incluír na Orde do día dunha sesión asuntos que non foran ditaminados pola respectiva Comisión informativa, sempre que o Pleno ratifique a súa inclusión, con maior motivo poderanse incluír asuntos que non precisan do ditame dunha Comisión informativa.

Tras as explicacións dadas, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a súa proposta de incluír na Orde do día desta sesión o punto indicado:

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de ratificar a inclusión dese punto na Orde do día da presente sesión, para quedar incluído como punto primeiro do apartado B) "Control e seguimento da xestión municipal", coa denominación indicada de "**Dar conta das resolucións adoptadas pola Alcaldía contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal no ano 2017, así como das principais anomalías en materia de ingresos**".

Deseguido pasouse a tratar sobre o primeiro punto da orde do día desta sesión, dentro do apartado **A) PARTE RESOLUTORIA**

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 24 DE XULLO DE 2018.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á dita acta.

E non formulándose observacións á mesma, considérase aprobada por

unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017.

Polo secretario dáse lectura do ditame que emitiu a Comisión especial de Contas, e de economía e facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 15 de xuño de 2018; no seguinte sentido:

“Pola Presidenta da Comisión explícase o seguinte:

- Que neste punto trátase de emitir ditame sobre a Conta Xeral do orzamento municipal do exercicio 2017.

- Que estes expedientes tramítanse todos os anos, e polo tanto os concelleiros xa coñecen cal é o procedemento: despois de ditaminarse virá a exposición pública durante 15 días hábiles, para que dentro deste prazo e oito máis os interesados presenten as reclamacións que estimen oportunas.

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) para manifestar que vaise abster igual que fixo cos orzamentos de 2017.

Intervén o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), para comentar que vanse abster igualmente.

Tras o exposto o Presidente da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e tres abstencións (2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a aprobación da conta xeral do exercicio 2017.”

Como non se realizou ningunha intervención por parte dos concelleiros asistentes;

Polo Sr. alcalde decidiuse someter este asunto a votación ordinaria:

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA), coa abstención dos outros seis concelleiros asistentes (4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a conta xeral do exercicio económico 2017.

Segundo.- Remitir esta conta ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212 nº 5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º) DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA CONTRARIAS AOS REPAROS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO ANO 2017, ASÍ COMO DAS PRINCIPAIS ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS.

En relación con este asunto, dáse conta do informe emitido pola interventora, con data 21 de agosto de 2018, en cumprimento do disposto no artigo 218 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nos apartados 5 e 6 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Ao non se solicitar ningún tipo de aclaración, como consecuencia do informe realizado pola interventora.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) ROGOS E PREGUNTAS

I) Polo concelleiro de CxG-CCTT, Sr. García Couso, formularonse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

PRIMEIRA.- ¿En que situación se atopa a revisión da Relación de Postos de Traballo?, porque nunha sesión do Pleno aprobouse inicialmente e despois houbo un período de alegacións, presentándose varias alegacións; e considera que os membros do Pleno as deberíamos coñecer.

Engadindo que, pola súa parte non se fixo ningunha petición para que se lle faciliten esas alegacións, pero que se fara.

Tamén preguntou o Sr. García Couso ¿Se se está en prazo para aprobar a Relación de Postos de Traballo, en canto a aqueles postos de traballo que teñen que incluírse na RPT para dar cumprimento a unha sentenza?

SEGUNDA.- Para indicar que na Orde do día, da sesión que celebrou a Xunta de Goberno Local o día 7 de xuño do presente ano, incluíuse un punto nomeado “Inicio dos traballos de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en relación coas cualificacións do solo rústico”; e tanto no título como no desenvolvemento dese punto atopa unhas incoherencias que solicita

que lle sexan aclaradas; así nun parágrafo consta que “*ante a situación descrita, o alcalde considerou convinte iniciar os traballos de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal...*”

E pregunta ¿Iniciáronse eses traballos? ¿Hai partida orzamentaria para poder contratar á empresa que tería que facer os traballos?

Engade o Sr. García Couso que nese acordo tamén consta que se abre un trámite de alegacións, e incluso ponse a data que comprende o prazo para presentalas; e pregunta ¿Alegacións a que, se non hai nada aprobado?, porque se alega sempre a algo que está aprobado.

En relación con esta cuestión pregunta ¿Entón, que quere dicir eso de que os veciños poden presentar alegacións?

E como tamén consta no acordo adoptado que son os propietarios de solo rústico os que poden presentar alegacións, pregunta ¿Só poden facer alegacións aos traballos de reforma do Plan Xeral os propietarios do solo rústico?

TERCEIRA.- ¿Por que non se entregan en prazo as copias das actas das sesións da Xunta de Goberno Local?, porque xa pasaron ata meses desde que se celebraron as últimas sesións; e o prazo para recibilas é de dez días desde que se celebran.

Deseguido o Sr. alcalde manifestou que ía a dar resposta ás preguntas que lle formulara o Sr. García Couso; no seguinte sentido:

***En canto á pregunta PRIMEIRA:**

Responde o Sr. alcalde que a Relación de Postos de Traballo aprobose no Pleno inicialmente, e que as alegacións que houbo durante o período aberto para iso ten que informalas a empresa que se contratou para facer a RPT, pero non o puido facer aínda porque durante o mes de agosto estiveron de vacacións, desde o día 4 de agosto; polo que a empresa retomarao a partir da semana que vén.

*** En canto á pregunta SEGUNDA:**

Responde o Sr. alcalde:

- Que a decisión que se tomou foi a de iniciar eses traballos, pero primeiro se abriría un prazo para poder solicitar o cambio de cualificación; e que, unha vez que rematase ese prazo, agora a partir de setembro se procederá a contratar o primeiro traballo despois de estudar as solicitudes que se presentaron.

- Que, se non hai partida orzamentaria, sabe o Sr. García Couso que se pode tramitar un procedemento para que se xenere; e farase no seu momento cando se proceda á contratación dos servizos.

- Que só poden alegar os veciños propietarios do solo rústico.

- Que os traballos van encamiñados aos seguintes puntos:

- Facer un inventario de camiños, para o cal xa se contratou ese servizo.

- Mirar as solicitudes presentadas e proceder ao seu estudio, por se conviñera cambiar algúns aspectos do Plan Xeral, no que corresponde ao solo forestal e agropecuario, e o tema da Calexa, e,

- Cando estea realizada a proposta, expoñerase aos veciños.

E esas son as tres partes que vai facer o goberno no que quede de lexislatura con respecto ao Plan Xeral.

* En canto á pregunta **TERCEIRA**:

Responde o Sr. alcalde que é certo que hai un retraso na entrega das actas da últimas actas das sesións da Xunta de Goberno Local, mais que nada derivado das vacacións da auxiliar de secretaría, que é a encargada de pasar no ordenador as actas das sesións da Xunta de Goberno Local. Non hai outro motivo.

Pola concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde formulouse un **ROGO** ao Sr. alcalde, en relación co tema do Camiño de Santiago, porque na parroquia de Rendal, no lugar de Rivadiso de Arriba, onde cruzan os peregrinos pola carretera nacional 547, xusto na curva, a dous quilómetros de Arzúa, pode haber unha desgracia por ser un punto de moito perigo; e como os veciños tamén lle trasladaron as súas protestas, porque se poñen nerviosos por esa situación, considera que o alcalde debería de tomar algunha medida sobre iso.

Responde o Sr. alcalde que, a Sra. Balado Conde ten razón, e que lle dirá ao técnico que o mira xunto co capataz da estrada, para buscar unha solución.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 20:25 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.